

RECOLLIDA DO PAPEL USADO EN COMPOSTELA

Baixo o lema "Cambia de rollo. Aforra e recicla papel" reemprendese, neste curso 1992/93, a campaña de recollida de papel usado na universidade. Esta campaña tiña-se iniciado no segundo trimestre do curso 90/91 e foi paralizada no 91/92 ao fallar o outro eslabón da cadea, a retirada do papel dos centros polo Concello de Santiago.



O comezo: unha iniciativa ecoloxista.

Na primeira ocasión, unha equipa constituida por membros do Taller Ambiental do I.C.E., ADEGA e o Obradoiro Ambiental OUREOL da facultade de Bioloxía, traballaron na elaboración dun proxecto para a recollida eficaz do papel nas diferentes dependencias dos centros (locais administrativos, despachos, fotocopiadoras, aulas), que serían dotadas de papeleiras pequenas. O papel recollido trasladariase a uns contenedores mais grandes, de onde por último sería recollido por un servicio externo a Universidade. Tras aprobar este plan, o Rectorado de Santiago financiou os costos materiais (papeleiras, contenedores) así como un bolseiro para o seguimento permanente da campaña.

Nestas mesmas datas impartíase en Compostela un cursiño de reciclaxe organizado pola Axencia de Desenvolvimiento Local do Concello en colaboración co INEM. Isto simplificaba o proceso plantexado desde a Universidade xa que, despois dunhas conversas, obtívose o compromiso por parte do Concello de proceder á recollida periódica e regular de todo o papel que se acumulase nos centros universitarios.

A campaña comenzou cunha fase piloto de recuperación de papel nas facultades de Bioloxía e Xeografía e Historia, para no futuro facerse extensible ao resto da Universidade sempre e cando os resultados desta fosen satisfactorios. Adquiríronse contenedores, difundíronse carteis, pegatinas e dípticos, fixose a presentación da campaña e esta púxose en marcha coa recollida semanal en cada unha destas facultades.

Esta experiencia foi moi ben acollida nos centros, a motivación e a actitude dos que nela participaron (depositaban sempre o papel o 60%, esporádicamente o 36%) foi moi positiva e esperanzadora, pois a maioría non só participaba depositando o papel usado no centro senón tamén o das súas casas. Os primeiros problemas apareceron como consecuencia das notables deficiencias no servizo de recollida do Concello, principalmente a falta de periodicidade e axilidade, de forma que en moitas ocasións non se poideron evita-las acumulacións excesivas nem o conseguinte malestar dos centros e usuarios.

Rematado o curso 90/91 a proposta era a da ampliación da campaña para o seguinte curso 91/92 e a súa extensión a todo o Campus Compostelán, de maneira que se realizou unha avaliación das necesidades en tó dolos centros. Sen embargo esta iniciativa non chegou a levarse a cabo. O factor decisivo a paralización total da recollida por parte do Concello.

Reanúdase a recollida.

Este mes de Febreiro do 93 reemprendese a campaña de recollida de papel usado na Universidade de Santiago, coa colaboración dos mesmos colectivos que o fixeran no primeiro momento. Proponse igualmente unha fase previa de recollida, esta vez en tres centros: dúas facultades, Bioloxía e Xeografía e História, e un centro non docente, a Casa da Balconada, para servir de proba tanto á empresa de recollida como á Universidade. De ter éxito o resultado, iríase incorporando a totalidade do Campus de Santiago.

Inicialmente tiñase contemplado mesmamente a posibilidade de acudir a un recoller privado, ao non poder confiar nas promesas de recollida feitas polo Concello. Pero hoxe temos a novidade da participación na recollida do papel de REYCO, S.L., empresa en réxime de cooperativa formada por catro socios, procedentes todos eles dos cursiños de reciclaxe do Concello. Esta empresa encárgase agora da recollida do papel usado en Santiago: na Universidade e noutras entidades públicas (Parlamento, Xunta, Colexios...), así como no domicilio de particulares (teléfono de contacto: 57-12-41).

REYCO S.L. dispón de maquinaria e un camión (4 Tm.) cedidos polo Concello a cambio dun número determinado de folios reciclados ó ano, dunha nave almacén alugada no polígono do Tambre e de dous traballadores contratados, amais dos catro socios.

O papel recollido é almacenado na nave e posteriormente enviado, por conta da mesma empresa, a unha planta de reciclaxe en Burgos, o que conleva uns gastos de transporte innecesarios de contar cunha planta de reciclaxe instalada aquí en Galicia, que evitaria moi probablemente o temido fracaso da empresa e que situacionés como as da anterior campaña se volvesen a repetir. ■

Rosa Fernández Martínez